

PROGRAMACIÓN DE AULA 4 ANOS C DE ESFARRAPADA

A miña programación vai dirixida a un grupo de 17 alumnos/as de 5º de Educación Infantil. Dos cales xa fun titora o curso pasado, este curso temos un alumno de nova incorporación, pero que xa estivo escolarizado noutro centro o curso pasado.

Comezaremos o curso con actividades e dinámicas de reencontro e de presentación. Tamén recordaremos contidos traballados ao longo do curso pasado; así como, normas e rutinas básicas da aula, para pouco a pouco ir avanzando nos contidos das distintas Áreas de Coñecemento.

Para a elaboración desta programación partín do recollido no Decreto 330/2009 do 4 de xuño. Aínda que non debo esquecer que esta programación é un documento aberto, flexible e sempre suxeito a posibles propostas de mellora.

En relación aos **obxectivos**, son os que pretendo que sexan alcanzados polos meus alumnos/as logo da intervención educativa no curso 2021-2022.

Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal :

- Coñecer e representar o propio corpo, identificando as partes e algunhas das súas funcións, coordinando e controlando cada vez con maior precisión xestos e movementos.
- Expresar os seus sentimentos e emocións e respectar os dos demais, así como, resolver os conflitos de maneira pacífica.
- Realizar tarefas sinxelas e resolver problemas da vida cotiá, aceptando os erros, as pequenas frustracións e amosando unha actitude positiva ante as dificultades.
- Desenvolver hábitos positivos relacionados co coidado persoal e a saúde.

Coñecemento do contorno:

- Observar e explorar o contorno máis próximo, amosando interese e coidado e respecto polo mesmo.
- Iniciarse na formulación de hipóteses, para así poder dar resposta e explicación e poder anticiparse aos efectos de distintas situación da vida diaria.
- Coñecer distintos grupos sociais, diferentes producións culturais, valores e formas de vida.
- Iniciarse nas habilidades matemáticas, establecendo relacións de agrupamento, clasificación, orde e seriación.
- Apreciar e valorar as manifestacións culturais do contorno próximo.

Linguaxes: Comunicación e Representación.

- Empregar as diferentes linguaxes como medio de comunicación e expresión.
- Achegarse á lingua escrita a través dos diferentes tipos de textos.

- Potenciar a súa auto confianza nas propias producións artísticas e respectar a dos demais
- Coñecer e iniciarse ao emprego das Tics.

En canto aos **contidos**, estarán organizados cun enfoque globalizado, presentando os coñecementos relativos ás distintas realidades, de forma dinámica e intencionada, e poñendo en conexión e diálogo as diferentes linguaxes expresivas e comunicativas.

Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal:

- Identificación das partes do corpo, aceptación e valoración axustada de si mesmo.
- Control progresivo dos sentimentos e emocións; resolución pacífica dos conflitos.
- Aceptación de erros e pequenas frustracións.
- Desenvolvemento de prácticas cotiáns favorables para a saúde.

Coñecemento do contorno:

- Identificación e observación dos elementos do contorno.
- Actitude de coidado y respecto polo seu contorno máis próximo.
- Recoñecemento e interese polas manifestacións culturais propias do contorno.
- Iniciación na serie e recta numérica establecendo relación de agrupamento, orde e clasificación.

Linguaxes: comunicación e representación:

- Utilización progresiva da linguaxe en diferentes situacións.
- Interpretación e reprodución de diversos textos escritos.
- Demostración de sentimentos e emocións a través das producións artísticas.
- Iniciación progresiva no uso das TICs.

En relación á **metodoloxía**, organizaré a miña práctica docente ofrecendo unidades de programación en relación a provocacións didácticas, ambientes de aprendizaxe, pequenos obradoiros e proxectos de traballo, que integrarán de maneira natural contidos de tódalas Áreas de Coñecemento. Con este tipo de metodoloxía fomentarei que as actividades sexan potencialmente significativas, que provoquen o seu interese por aprender, que fomenten a súa creatividade e liberdade de elección, desenvolvendo a súa autonomía e o espírito crítico, favorecendo as interaccións sociais; e respectando sempre o principio de atención á diversidade, o que lles proporcionará experiencias moito máis próximas ao mundo real. Tendo en conta, así mesmo, que nesta programación didáctica, terán cabida as actividades que se planifiquen dende as diferentes Dinamizacións do Centro, e a participación no Proxecto Integrado proposto dende o Equipo da Biblioteca relacionado no presente curso escolar, con países e culturas.

Garantirei a que a **aprendizaxe** sexa **significativa**, establecendo relacións entre o que xa coñecen e o que imos aprender. O **xogo** será o instrumento de primeira orde na intervención educativa. Polo seu carácter universal e innato, motivador, integrador, creativo e pracenteiro en si mesmo. A través da actividade lúdica os nenos e nenas comprenderán e interpretarán gradualmente o mundo que lles rodea. Na planificación das actividades a **observación e a experimentación**, serán principios básicos; os nenos e as nenas aprenderán facendo, nun proceso que require manipulación, reflexión e esforzo mental. En relación aos **agrupamentos**, actualmente, debido a pandemia, serán catro os os grupos de carácter estable. Polo que na aula existen catro conxuntos de mesas asignadas para cada grupo de convivencia; pero tamén se realizarán actividades de carácter individual; así como, dinámicas de posta en común en gran grupo, respectando a distancia que marca a normativa. Debo ter en conta que o traballo en grupos pequenos, a interacción entre iguais e a necesidade de movemento propia da idade; é imprescindible para o seu desenvolvemento físico, intelectual e social dos cativos e cativas. Neste curso tamén, comezaremos a fomentar o traballo por parellas e o inicio da aprendizaxe cooperativa nos grupos estables.

Para conseguir os obxectivos propostos, será preciso estruturar os **materiais**, posto que serán os medios que condicionen a actividade infantil e a construción das aprendizaxes. Os materiais seleccionados pretenden favorecer os aspectos afectivo-sociais; despertando a súa curiosidade, gusto pola beleza e estética, desexo de manipulación e exploración. Están ben organizados e ao seu alcance, salvo que sexan fráxiles ou perigosos, o que facilitará a súa autonomía. Ademais de material didáctico convencional empregarei todo tipo de materiais: da natureza, de refugallo, pezas soltas, obxectos da vida doméstica...

En relación a **organización dos espazos e do tempos** teñen unha importancia fundamental para poder acadar as miñas intencións educativas. E canto aos espazos, están planificados de xeito que o uso permita atender satisfactoriamente ás necesidades de movemento, de afecto e relación social, de xogo, exploración, comunicación e descanso do alumnado.

A miña aula está distribuída en diferentes zonas, unha de traballo de mesa organizada en catro pequenos grupos, unha zona de diálogo, de posta en común e asemblea, zona de perchas e aseo. Ademais de pequenas zonas de actividade nas que os nenos/as realizarán dinámicas diversas e variadas. Tamén se empregarán outros espazos do centro; como son o ximnasio e sobre todo, se o tempo o permite, o patio exterior, entendéndoos como lugares con potencial educativo nos que se desenvolverán moitas das actividades propostas.

Así mesmo, a aula será un espazo para **a convivencia**, polo que será preciso lembrar límites e normas xa establecidas o curso anterior acatadas polo grupo en consenso; o seu cumprimento, será de máis valor si se dan nun contexto de confianza e afecto. Por iso, fomentaremos o coñecemento dos propios sentimentos e as emocións, así como, ser capaces de poñerse no lugar do outro.

O **tempo** será considerado un factor relevante no proceso de construción persoal, por iso, intentarei respectar os seus ritmos e necesidades. A súa vez, será flexible, combinando tempos de actividade con tempos de descanso, tempo para actividades de carácter libre e actividades dirixidas. Por iso, establezo rutinas e momentos significativos, o que lle permite aos nenos e nenas adquirir autonomía e seguridade e confianza no día a día da aula. Durante este segundo curso en pandemia, dedicárase especial coidado na rutina de lavado das mans, polo que serán moitos os momentos ao longo da mañá nos que se traballará o aseo e a importancia da hixiene de mans.

A **avaliación** constitúe un elemento clave dentro do proceso de ensinanza e aprendizaxe, será global, continua e formativa. Levareina a cabo dende unha dobre perspectiva: avaliando os procesos de aprendizaxe por parte das/dos alumnas/os e avaliando a miña propia práctica docente.

A avaliación realizareina en tres momentos principias: inicial, continua e final. O procedemento fundamental será a observación directa e sistemática e utilizarei instrumentos como diarios de clase, a análise das producións do alumnado, rexistros de observación e os informes oficiais.

Entre os criterios de avaliación, indicar:

Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal

- Identifica e nomea elementos de segmentos corporais.
- Confía en si mesmo e nas súas posibilidades.
- Resolve positivamente os conflitos cotiás, regulando os seus impulsos e emocións.
- Acepta e acata as normas establecidas.
- É ordenado e autónomo na satisfacción das necesidades hixiénicas básicas.

Coñecemento do contorno

- Recoñece e emprega a serie numérica.
- Resolve manipulativamente pequenos problemas e situacións relacionadas coa súa vida cotiá.
- Agrupa obxectos e realiza diferentes clasificacións e series.
- Respecta e coida o medio no que vive.

- Participa e recoñece as festas populares que se celebran na contorna.

Linguaxes: comunicación e representación

- Expresa con espontaneidade e coherencia emocións, vivencias e sentimentos.
- Exprésase con frases cada vez máis completas e elaboradas
- Participa activamente nas actividades que implican diferentes linguaxes.
- Valora e respecta as producións plásticas dos compañeiros e compañeiras
- Amosa gusto polas actividades nas que se empregan as TIC.

A relación e **colaboración coas familias** será un aspecto fundamental, é imprescindible seguir mantendo as pautas de actuación na escola e no fogar para evitar situacións contraditorias, polo que existirá unha comunicación continua, axuda e colaboración familia-escola. En canto a súa implicación e participación presencial na vida da aula, será moi limitada, dada a situación derivada da COVID-19. De tódolos xeitos, esta comunicación, tanto no contexto de ensino presencial como a distancia será, principalmente, a través da aplicación AbalarMobil, CiscoWebex, o correo electrónico da aula, a Web e o teléfonos do Centro. Intercambios de información puntuais na entrada e saída dos cativos e cativas e, excepcionalmente ou se a urgencia o require, titorías presenciais no horario establecido.

En canto á **atención á diversidade**, non só a vou centrar nos nenos e nenas que presenten dificultades, senón que vou dar resposta á complexidade de intereses, necesidades e distintos ritmos de aprendizaxe, que poden xurdir na aula tendo en conta principio metodolóxico de individualización; adaptándome as necesidades de cada un dos alumnos e alumnas. Seguindo en todo momento as orientacións e pautas do Departamento de Orientación.

En canto ao alumnado que acude á **alternativa á Relixión**, neste curso serán 15 alumnos e alumnas; as actividades terán como eixo fundamental o traballo valores, mediante o conto infantil, a proxección de vídeos e cortos de animación, dramatizacións, cancións e expresión corporal.

Para finalizar en relación á **planificación da labor educativa en escenarios diferentes ao presencial**, no referido á atención educativa do alumnado da aula de 4 anos C, nos escenarios que impliquen unha atención diferente da establecida con carácter xeral para o ensino presencial, seguirase o establecido no apartado correspondente da PXA do Centro: PLANIFICACIÓN DA LABOR EDUCATIVA NOS DIFERENTES ESCENARIOS.